

Arbitraxe Campionatos Galegos 2024

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitros principais e árbitros adxuntos nos **Campionatos Galegos 2024**.

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal para cada unha das categorías:

| CATEGORÍA | LUGAR | ENTRADA | SAÍDA | HONORARIOS |
|------------------------------|----------------------|---------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Sub-08 | Hotel Scala (Padrón) | 09 Febreiro / ás 18:00 h. | 11 Febreiro / pola tarde | Principal: 180 euros (*) |
| Sub-14 | Hotel Scala (Padrón) | 09 Febreiro / ás 18:00 h. | 13 Febreiro / pola tarde | Principal: 360 euros (*) |
| Sub-18 | Hotel Scala (Padrón) | 09 Febreiro / ás 18:00 h. | 13 Febreiro / pola tarde | Principal: 360 euros (*) |
| Sub-10 | Hotel Scala (Padrón) | 22 Marzo / ás 18:00 h. | 25 Marzo / pola tarde | Principal: 310 euros (*) |
| Sub-12 | Hotel Scala (Padrón) | 22 Marzo / ás 18:00 h. | 25 Marzo / pola tarde | Principal: 310 euros (*) |
| Sub-16 | Hotel Scala (Padrón) | 22 Marzo / ás 18:00 h. | 26 Marzo/ pola tarde | Principal: 360 euros (*) |
| Absoluto, Feminino e Veterán | Hotel Scala (Padrón) | 27 Marzo / ás 18:00 h. | 31 Marzo / pola tarde | Principal: 400 euros (*) |

Un árbitro adxunto para as seguintes categorías:

| CATEGORÍA | LUGAR | ENTRADA | SAÍDA | HONORARIOS |
|------------------------------|----------------------|---------------------------|--------------------------|------------------------|
| Sub-08 | Hotel Scala (Padrón) | 09 Febreiro / ás 18:00 h. | 11 Febreiro / pola tarde | Adxunto: 150 euros (*) |
| Sub-10 | Hotel Scala (Padrón) | 22 Marzo / ás 18:00 h. | 25 Marzo / pola tarde | Adxunto: 191 euros (*) |
| Sub-12 | Hotel Scala (Padrón) | 22 Marzo / ás 18:00 h. | 25 Marzo / pola tarde | Adxunto: 191 euros (*) |
| Absoluto, Feminino e Veterán | Hotel Scala (Padrón) | 27 Marzo / ás 18:00 h. | 31 Marzo/ pola tarde | Adxunto: 320 euros (*) |

NA CATEGORÍA ABSOLUTA HABERÁ ÁRBITRO ADXUNTO SEMPRE QUE SE SUPEREN OS 60 XOGADORES INSCRITOS EN TOTAL.

(*)- Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*)- Máis gastos de desprazamento xustificados.



Titulación requerida:

- Para árbitro principal e adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior (*)

(*) Nas categorías ónde se presente o informe valedeiro para elo FIDE (Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16, Sub-18 e Absoluto, Feminino e Veterán) só poderán optar aqueles árbitros coa cualificación adecuada para tramitar dito informe (Arbitro Autonómico ou superior).

Tódalas prazas inclúen aloxamento e manutención nos hoteis oficiais, e poderán ser válidas para obtención de Norma de Árbitro Nacional e/ou inferiores.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata **o 22 de Xaneiro de 2024 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ao email fegaxa@fegaxa.org, a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información. Se se solicita máis dunha categoría, ordenar por orden de preferencia.

Para poder arbitrar un Campionato Galego hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2024](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados serán: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

E as súas obrigas serán: presentarse á hora estipulada na convocatoria, ter actualizada a licenza Vega, a carga de datos de xogadores (tanto o árbitro principal coma o árbitro adxunto, se o houbera), comprobación do elo FIDE e FEDA, realización do informe valedeiro para ELO FIDE (*) e remitilo á FEGAXA no prazo que estipula a FEDA na súa circular en vigor.

(*) Nos tomeos valedeiros para ELO.

Vigo, 15 de Xaneiro de 2024.

A circular blue stamp of the Federación Galega de Xadrez (FEGAXA) is visible. The stamp contains the text 'FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ' around the perimeter and a central emblem. A blue ink signature is written over the stamp.